

O ADEUS FINAL

Hoxe é un día diferente aos demais, hoxe é un día triste, onde a melancolía se apodera dos meus recordos. Hoxe é o día da despedida. Xa nada volverá ser como foi, todo cambiará.

Sempre imos abandonando cousas, lugares, xente, porque novas portas se nos van abrindo, pero hoxe quizais se me cerre a porta do lugar máis importante, do lugar onde máis cousas aprendín.

E por iso sinto esta nostalxia ao recordar cada momento, cada persoa, cada sorriso que aquí xurdiu. Son moitos os momentos, son moitas as persoas, son moitas as historias.

¿Como non sentir certa tristeza cando queda tan pouco para marchar, como non sentir pena do que deixo atrás, como non levar comigo para sempre este lugar?

Estas paredes foron as que me viron medrar, sorrir, chorar, loitar... e tamén namorarme.

Chorar por tonterías, rir por alegrías, loitar polo que quería, e sempre acompañada da xente máis importante.

Xente que sempre recordarei e que nunca olvidarei, que xamais borrarei do meu corazón.

Xuntas empezamos a percorrer este camiño, endexamais nos separamos nin un momento, compartimos confesións, ilusións, risos e bagoas.

Ti fuches o meu maior apoio, o meu maior sorriso. Ante calquera circunstancia

a d v e r s a ,
sempre estabas
ti aí cunha pa-
labra, cunha
mirada, cun
abrazo que
conseguías que
o negro se
convertese en
b r a n c o .
G R A Z A S
MÓNICA.

Elas, as
que me fixestes
rir ata non po-

der máis, as que fixestes da
miña vida unha festa conti-
nua. Por calquera tontería xa
había risas. Con vós nunca
había un día gris. Noe, Ale,
Susy... e todas as demais.

Todos aqueles
compañeiros de clase de cada
ano, que uns máis que outros
me aportaron e me ensinaron
moito.

Tamén na miña memoria
quedaran gravados para a
eternidade aqueles
chavaliños, aqueles meus
amigos daquel curso 2º de
Madeira 2004-2005 que cada
recreo me facían sentir un
pouco máis contenta. Can-
tas risas, cantas tonterías
temos vivido naqueles ban-
cos, o Javi, o Oscar,
Castosa... e o meu Juan.

Ese rapaciño cheo de
tenrura que me fixo sentir
como ninguén antes o fixera.
O que me fixo sentir como
unha nena chea de ilusión.

El, Juan, a miña vida.

Aqueles profesores que
me ensinaron moito, as Cien-
cias Naturais de 1º e 2º de
ESO de Ramos, o Debuxo de
3º de Mª Manuela ou a Edu-
cación Física de 3º de Félix,



a quen nunca esqueceréi.

Pero o que sen dúbida
marcou a aprendizaxe máis
importante da miña vida, foi
o meu querido Paco Veiga.
Non só foi o meu titor e pro-
fesor estes dous últimos anos
senón que foi máis ben un bo
amigo, o que máis dunha vez
foi o meu confidente, o que
me gardou máis dun segredo.
El sempre estivo aí para o que
necesitaba, El sempre ten
para todos un ombro no que
chorar e un sorriso para
secarche as bágoas.

Á parte de ser o mellor
profesor, para min foi a mellor
persoa que coñecín.

GRAZAS POR SER COMO
ES.

Sei que todo o que
empeza se ten que acabar, e
este é o momento. Pero
voume contenta de vivir todo
o que vivín, e de levar todo o
que levo

ATA SEMPRE

SILVIA LIÑEIRA VÁZQUEZ